



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 272/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Subvencións por Concorrencia Competitiva/
Subvenciones por Concorrencia Competitiva

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Vista a entrada en vigor e vixencia da norma regulamentaria que implica a Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Vilalba, publicada de xeito definitivo no Boletín Oficial de Lugo número 126 de data do 3 de xuño do 2023.

En virtude do previsto no artigo 54 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD 106/2018 PEV), a actuación financiada ao abeiro do Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda (en diante PEV), para o Casco Antigo e Zona Ampliada de Vilalba, e tendo en conta que para o Concello de Vilalba foron programadas para a súa rehabilitación 40 vivendas, estimándose o seu custo total en 1.213.550,97€; e que na fase anterior non se completaron o total de axudas concedidas, nin se esgotou a achega comprometida polas administracións concorrentes, quedando un remanente de 422.838,63 € do Ministerio de Fomento e de 28.039,96 € da Xunta de Galicia, proponse unha NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.) ZONA AMPLIADA DO CONCELLO DE VILALBA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2012. FASE 14

Vistas as bases da convocatoria da subvención propostas por este mesmo órgano xestor en base ás determinacións do informe da asesoría xurídica, incorporado ao expediente con código seguro de verificación: 5Z9FLZ2QEWRE9DMMJSYDQW57A.





Vista a proposta de resolución PR/2025/222 de 7 de febreiro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 10 de febreiro de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR /2025/222 de 7 de febrero de 2025 fiscalizada favorablemente con fecha de 10 de febrero de 2025.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

E en virtude das competencias outorgadas ou órgano da Alcaldía segundo indica do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procede resolver o que segue:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva en materia da a área de rehabilitación integral (A.R.I.) zona ampliada do concello de Vilalba. plan estatal de vivenda 2018-2021. Fase 14, co texto que figura no Anexo da presente proposta de Resolución.

SEGUNDO. Autorizar o crédito máximo previsto que ascende á contía de 450.364,01€ na aplicación 1522.78001 do orzamento municipal vixente (Proxecto de gasto 2019041) con destino á concesión das axudas obxecto da presente convocatoria , condicionado á vixencia da necesaria modificación orzamentaria que se está tramitando (exp.546/2025).

TERCEIRO. Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica Corporación, no portal de transparencia no apartado de axudas e subvencións, así coma publicar extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Designar a seguinte comisión avaliadora segundo as esixencias das bases específicas das subvencións a outorgar:

- **Presidente:** Justo Portela Fernandez, coma arquitecto superior do Concello;
- **Secretario:** Alejandro Maseda Mallo, coma secretario municipal;
- **Vogais:** Diego Hermida Varela coma arquitecto técnico do Concello, e Mauro Chico Carballas coma funcionario de carreira da Corporación.

SEXTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de





Concello de Vilalba

novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE





Procedemento: Convenio para a instrumentación dunha subvención nominativa

Expediente número: 272/2025

Asunto: Bases da convocatoria de subvencións para a área de rehabilitación integral (ARI) zona ampliada do concello de Vilalba. plan estatal de vivenda 2018-2021. Fase 14

CAPÍTULO I - EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En virtude do previsto no artigo 54 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante Real Decreto 106/2018 PEV), a actuación financiada ao abeiro do Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda (en diante PEV), para o Casco Antigo e Zona Ampliada de Vilalba, e tendo en conta que para o Concello de Vilalba foron programadas para a súa rehabilitación 40 vivendas, estimándose o seu custo total en 1.213.550,97€; e que na fase anterior non se completaron o total de axudas concedidas, nin se esgotou a achega comprometida polas administracións concorrentes, quedando un remanente de 422.838,63 € do Ministerio de Fomento e de 28.039,96 € da Xunta de Galicia, propónse unha nova convocatoria de subvencións para a área de rehabilitación integral (A.R.I.) zona ampliada do Concello de Vilalba. plan estatal de vivenda 2018-2021. Fase 14.

CAPITULO II - MARCO LEGAL

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- (a) O Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021. Publicado no Boletín Oficial del Estado núm. 61, do 10 de marzo de 2018;
- (b) A Resolución do 3 de agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Publicado no DOG, núm. 158, do 3 de agosto de 2018. (en diante R03/AGO/2018 PEV);
- (c) A Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, polo que se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa. Publicado no DOG, núm. 156, do 17 de agosto de 2018. (en diante R03/AGO/2018 PEV);
- (d) A Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de





agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019 (en diante R31/MAI/2019 PEV);

- (e) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento;
- (f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento;
- (g) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia;
- (h) Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 22 de Outubro do 2019, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana. Casco Antigo e Zona Ampliada de Vilalba, 14ª FASE (LUGO);
- (i) Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Vilalba, publicada de xeito definitivo no Boletín Oficial de Lugo número 126 de data do 3 de xuño do 2023;
- (j) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

CAPÍTULO III - DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. As presentes bases teñen por obxecto regular concesión de subvencións destinadas a financiar os custos derivados das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas dentro do ámbito definido como A.R.I. e zona Ampliada de Vilalba, no marco do Plan de Vivenda ou Normativa de aplicación vixente. A concesión da subvención, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte aos criterios de selección expostos nas presentes bases.

ARTIGO 2. O outorgamento das subvencións cumprirá:

- i. A entrega realizarase sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- ii. A entrega estará suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, neste caso, o proxecto técnico ou memoria técnica ou documento legalmente válido que defina a obra protexible.
- iii. O beneficiario deberá cumprir as obrigas materiais e formais definidas no marco legal de aplicación.





Concello de Vilalba

- iv. Terá carácter voluntario e eventual, agás o que se dispuxera legal ou regulamentariamente.
- v. Non serán invocables como precedente.
- vi. Non será esixíbel o seu aumento e revisión.
- vii. Estableceranse segundo o marco legal de aplicación vixente no momento da solicitude.

ARTIGO 3. Serán nulos os acordos de subvencións que obedezan á mera liberabilidade.

ARTIGO 4. As axudas regulamentadas nestas Bases reguladoras, sen prexuízo da consideración doutras normas, serán compatibles con calquera outras existentes ou que puidesen establecer outras administracións, sen que de xeito conxunto ou illado excedan o 100% do custo da actividade subvencionada total. O importe das subvencións concedidas serán declaradas polo Concello á Administración Tributaria segundo o marco legal correspondente. Segundo o apartado décimo noveno “ Compatibilidades e incompatibilidades” das Disposicións Xerais da RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 “ Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo “

ARTIGO 5. Requisitos das actuacións (para máis abastanza: apartado terceiro das disposicións xerais da R03/AGO/2018 PEV) :

1. O edificio/vivenda deberá pertencer á A.R.I. e Zona Ampliada do Concello de Vilalba.
2. As actuacións deberán ser realizadas en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva e nas vivendas situadas nestes edificios, sempre que estivesen rematados antes do 1 de xaneiro de 1996. No caso de edificio de vivendas multifamiliares suxeitos ao réxime de Propiedade Horizontal ter redactado e asinado por técnico competente o correspondente “Informe de Avaliación do Edificio” documento este que avaliará as futuras necesidades do edificio en materia de rehabilitación.





Poderán participar no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural os concellos que teñan algunha ARI declarada no seu termo municipal. O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer para este programa limitacións á participación dos concellos respecto das súas áreas de rehabilitación integral que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021»

3. Será requisito específico das actuacións que se realicen nas vivendas unifamiliares ou nas vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva que estas constitúan o domicilio habitual e permanente das súas persoas propietarias ou, de ser o caso, das persoas arrendatarias, no momento de solicitar a axuda deste programa.

4. No caso de edificio de vivendas de tipoloxía residencial colectiva, deberán cumprir cos requisitos:

a) Que, polo menos, o 70 % da súa superficie construída sobre rasante teña uso residencial de vivenda, excluída a planta baixa e/ou plantas inferiores, se ten ou teñen outros

usos compatibles.

b) Que, polo menos, o 50 % das vivendas constitúan o domicilio habitual das persoas

propietarias ou arrendatarias no momento de solicitar as axudas. Non se terá en conta este

requisito, cando se trate dun propietario único que tivese que proceder ao realoxamento dos inquilinos para efectuar a rehabilitación, se ben deberá xustificar esta circunstancia, así

como o compromiso de destinar as vivendas obxecto da rehabilitación ao domicilio habitual

das persoas arrendatarias.

c) Que as actuacións contén co acordo da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias. Este requisito non se exixirá cando a propiedade do edificio corresponda a unha soa persoa física ou xurídica.

5. Cando sobre un mesmo elemento ou sistema construtivo se soliciten axudas que resulten

subvencionables polas dúas liñas de axudas, (eficiencia enerxética/sustentabilidade, e conservación, seguridade e accesibilidade) deberán identificarse e desagregarse, debéndose adscribir a unha soa das dúas liñas.





6. A actuación deberá contar con memoria valorada, ou documento técnico axeitado á actuación pretendida, e asinada e visada no seu caso, polo colexio profesional correspondente.
7. O importe do Presuposto de Execución Material, será conforme á realidade do mercado, e , en todo caso será elaborado en función da base de prezos de Galicia ou doutras de referencia contrastada.
8. O prazo para executar as obras virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que poida exceder de vinte e catro meses, contados desde a data de notificación da citada resolución. Este prazo poderase ampliar excepcionalmente, ata os vinte e seis meses, cando se trate de obras da liña A), para a mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, ou de actuacións que afecten a 40 ou máis vivendas
9. O inmovible no que se pretenda intervir non estará incurso en procedementos abertos de infraccións en materia de vivenda nin urbanística.
10. O inmovible no que se pretenda intervir non presentará expedientes de ruína, nin será susceptible da súa incoación, segundo o marco legal correspondente.

CAPITULO III - OBXECTO

ARTIGO 6. Esta nova convocatoria de subvencións para a Área de Rehabilitación Integral (A.R.I.) e zona ampliada do Concello de Vilalba, ten por obxecto regula-la concesión das subvencións destinadas aos financiamentos dos gastos derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación Integrada do casco antigo e zona ampliada do Concello de Vilalba con cargo aos convenios asinados polo concello para tal obxecto no marco do Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2018 - 2021 e a Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación Integral e zona ampliada do Concello de Vilalba.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte os criterios de selección dispostos na presente Base Reguladora

Para poder acceder ás achegas, o Concello de Vilalba, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionables, debendo concorre-las seguintes condicións:





1. EFICIENCIA ENERXÉTICA E SUSTENTABILIDADE DAS VIVENDAS. Actuacións subvencionables (para máis abastanza: apartado cuarto das disposicións xerais da R03/AGO/2018 PEV):

- (a) mellora da envolvente térmica da vivenda ou do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións en fachada, cuberta ou calquera paramento da dita envolvente, de mellora do seu illamento térmico; a substitución de carpintarías e acristalamentos dos ocos e o cerramento ou acristalamento das terrazas con teito ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento. Nestas edificacións débese conseguir unha redución da demanda enerxética anual global, sobre a situación previa as ditas actuacións de, polo menos, un 35 % , por pertence-lo concello de Vilalba á zona D. Acreditarase mediante o correspondente Certificado enerxético, reflectindo a situación de partida e a situación proxectada, expoñendo explicitamente por parte do técnico correspondente a porcentaxe acadada, logo da intervención.
- (b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío; a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; o illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de arrefriado gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión de vivendas a redes de calor e frío existente, entre outros.
- (c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Inclúirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, co fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.
- (d) As actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE, protección contra o ruído (DB-HR).
- (e) As actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE, de salubridade (DB-HS) ou, na súa falta, as que afecten





a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m³ ou en que, sen alcanzar o devandito nivel, se reduza a concentración inicial en, polo menos, nun 50 %. Acreditarase mediante o correspondente informe de laboratorio homologado.

Nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, ademais das anteriores actuacións, serán subvencionables as seguintes:

- (a) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela, mediante actuacións como a substitución de lámpadas e luminarias por outras de maior rendemento enerxético, xeneralizando, por exemplo, a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de acceso e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.
- (b) mellora das instalacións de subministración e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio e doutros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou na parcela ou que reduzan o volume de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros.
- (c) A mellora ou acondicionamento de instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios e nos espazos comúns das edificacións.
- (d) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela, co obxecto de mellorar a permeabilidade do chan, adaptar a xardinaría a especies de baixo consumo hídrico, optimizar os sistemas de rega e outras actuacións bioclimáticas.
- (e) As actuacións que fomenten a mobilidade sustentable nos servizos e nas instalacións comúns dos edificios ou urbanizacións, tales como a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos nos aparcadoiros ou a adecuación de zonas e instalacións de aparcadoiros de bicicletas.
- (f) As instalacións de fachadas ou cubertas vexetais.
- (g) A instalación de sistemas de domótica e/ou sensórica.

2. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E DE ACCESIBILIDADE DAS VIVENDAS. Actuacións subvencionables (para máis abastanza: apartado quinto das disposicións xerais da R03/AGO/2018 PEV) :

2.1 ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN:





- (a) Conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións.
- (b) Conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluíndo procesos de desamiantado.
- (c) Adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente exixidas.

2.2 ACTUACIÓNS DE SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E DA ACCESIBILIDADE:

- (a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.
- (b) A instalación ou dotación de produtos de apoio, tales como guindastres ou artefactos análogos, que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio, de ser o caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.
- (c) A instalación de elementos de información ou de aviso, tales como sinais luminosos ou sonoros, que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e do interior das vivendas.
- (d) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como vídeo porteiros e análogos.
- (e) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.
- (f) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do CTE no referido a vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.
- (g) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE, de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA).

CAPITULO IV - BENEFICIARIOS





ARTIGO 7. Poderán solicitar estas axudas para as vivendas e edificios de vivendas incluídos no ámbito ARI e zona ampliada de Vilalba:

- (a) As persoas físicas, así como as persoas xurídicas de natureza privada, xa sexan propietarias ou arrendatarias (no momento de solicita-la axuda) de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva e das vivendas ubicadas nestes edificios.
- (b) As comunidades de persoas propietarias, así como as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.
- (c) As agrupacións de persoas propietarias.
- (d) As sociedades cooperativas compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de división horizontal, así como por persoas propietarias que conforman comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.
- (e) As empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias de edificios, así como as cooperativas, que acrediten a dita condición mediante contrato coa propiedade que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto das dúas liñas de axudas previstas nesta R03/AGO/2018 PEV.
- (f) As persoas físicas arrendatarias dunha vivenda que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda.
- (g) As empresas de servizos enerxéticos, no caso das axudas da liña A), para obras de mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade.
- (h) Posuír a nacionalidade española, e no caso das persoas estranxeiras, deberán ter residencia legal en España.
- (i) Aquelas que non estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.
- (j) As persoas, cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia ou entidades que non posúan débedas de natureza tributaria en período executivo coa Administración Local, Autonómica e Estatal ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda o emprego da vía de prema, débedas non atendidas en período





voluntario. Para estes efectos, considerarase que o promotor se atopa ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias cando as débedas estean adiadas, fraccionadas ou se tivera acordado a súa suspensión con ocasión da impugnación das correspondentes liquidacións.

- (k) Estar empadroado na vivenda ou edificio obxecto da intervención (Concello de Vilalba)
- (l) Cumprir cos ingresos en base á ponderación do IPREM, segundo o indicado no Plan de Vivenda e normativa legal vixente.

CAPÍTULO V - ACHEGAS

ARTIGO 8. As axudas estatais previstas estrutúranse nas seguintes modalidades:

1. EFICIENCIA ENERXÉTICA E SUSTENTABILIDADE DAS VIVENDAS. Actuacións subvencionables (para máis abastanza: apartado cuarto das disposicións xerais da R03/AGO/2018 PEV , modificada pola R31/MAI/2019 PEV):

- (a) Ata 12.000,00 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentación en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo

2. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E DE ACCESIBILIDADE DAS VIVENDAS. Actuacións subvencionables (para máis abastanza: apartado quinto das disposicións xerais da R03/AGO/2018 PEV , modificada pola R31/MAI/2019 PEV) :

- (a) Ata 3.000,00 euros/30€/m² local com.(SO conservación) por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva.
- (b) Ata 8.000,00 euros/80€/m² local com. por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.c) citado Real decreto e no ordinal décimo terceiro.
- (c) A axuda máxima para actuacións de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade ou cando se realicen conxuntamente con actuacións de conservación será de 14.000,00 euros por vivenda, se na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na





vivenda, hai unha persoa con discapacidade, e de 17.000,00 euros se a discapacidade da persoa é dalgún dos seguintes tipos: con parálise cerebral, con enfermidade mental, con discapacidade intelectual ou con discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % ou con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

3. No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementaranse estas contías con 120,00 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000,00 euros por vivenda e 10,00 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación. Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, de ser o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional, e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

4. Contías máximas estatais:

- (a) 40% do custo subvencionable da actuación;
- (b) 75% do custo subvencionable da actuación cando os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda sexan inferiores a tres veces o IPREM;
- (c) 75 % do custo subvencionable para a mellora da accesibilidade, se na unidade de convivencia da persoa solicitante, propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, hai unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

5. Contías máximas autonómicas: Ata 4.000,00 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

CAPITULO VI - PROCEDEMENTO

ARTIGO 9. Normas xerais.

(a) A convocatoria, aprobada mediante resolución da alcaldía, para a solicitude de concesión das subvencións iniciarase ao día seguinte da súa publicación no Boletín





Concello de Vilalba

Oficial da Provincia, manténdose aberta por un prazo dun (1) mes;

(b) A orde de convocatoria será debidamente publicada no Boletín Oficial da Provincia mediante publicación en estrato. As bases íntegras serán publicadas no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación municipal, así coma no portal de transparencia da Corporación, no apartado de axudas e subvencións;

(c) Será a partir da publicación do estrato no Boletín Oficial da Provincia, o momento a partir do cal toda aquela persoa xurídica ou física que desexa optar ás axudas, poderá formular a súa solicitude, segundo documentación tipo aportada polo Concello de Vilalba. O prazo rematará cando se esgoten os fondos asignados, cando se dea por finalizado o acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, reurbanización de espazos públicos e demais aspectos específicos, cuestión que será anunciada mediante publicación no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación municipal, ou coa finalización do prazo disposto no punto a do presente apartado;

(d) A instrución do procedemento corresponderalle ao Concello de Vilalba, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos administrativos, técnicos, ou de calquera outra índole inherentes ao expediente concreto, en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

(e) O procedemento será mediante concorrencia competitiva, segundo o disposto no artigo 6 da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Vilalba, publicada de xeito definitivo no Boletín Oficial de Lugo número 126 de data do 3 de xuño do 2023, entre outros preceptos concordantes;

(f) A avaliación das solicitudes será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada do seguinte xeito: Presidente: o arquitecto superior da Corporación; Secretario: o secretario municipal; Vogais: O arquitecto técnico municipal, e un funcionario de carreira da Corporación;

(g) Unha vez efectuada a avaliación da comisión, porase de manifesto a puntuación provisional outorgada aos interesados no procedemento, concedéndolles un prazo de dez (10) días para que formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes pertinentes;

(h) Rematado o trámite de audiencia, o Concello a través da alcaldía efectuará proposta de cualificación provisional, efectuándose este trámite ata que se extinga o crédito orzamentario, indicando a súa contía, e os criterios de valoración seguidos para efectuala;

(i) Unha vez configurada a lista provisional dos beneficiarios, o Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

dará traslado da mesma ao Instituto Galego De Vivenda e Solo (IGVS, no sucesivo) aos efectos de obter resolución sobre a cualificación provisional de beneficiarios informada polo referido órgano da Xunta de Galicia que conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, e

(j) describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido, o prazo de execución e de comunicación do remate das obras;

(k) A alcaldía, á vista da resolución sobre as cualificacións provisionais outorgadas aos beneficiarios concedidas polo IGVS, resolverá o expediente de concesión de subvención;

(l) A resolución do procedemento de cualificación provisional notificaráselle aos interesados de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Corporación, aos efectos do seu xeral coñecemento;

(m) Reformulación das solicitudes. Cando a subvención teña por obxecto a financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axusta-los compromisos e condicións á subvención outorgable, e unha vez que a solicitude mereza a conformidade do órgano colexiado, remitirase con todo o actuado ao órgano competente para que dite a resolución. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberán respecta-lo obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

(n) As solicitudes que, cumprindo cos requisitos non resultaron seleccionadas para a cualificación provisional, pasarán a formar parte dunha “lista de agarda”, para o suposto de desestimación ou renuncia dalgún dos seleccionados. A orde de inclusión dalgunha solicitude desta “lista de agarda” na cualificación provisional será por orde de puntuación. Esta orde para a inclusión só poderá resultar alterada por necesidades de viabilidade económica para a inclusión no programa, entendéndose por tales necesidades o suposto de que pola orde correspondente resultase incluída unha actuación cun importe subvencionable superior ó remanente xerado coa desestimación ou renuncia. Este suposto só poderá realizarse sempre e cando se autorice polo IGVS de Lugo. Esta lista de agarda terá unha vixencia exclusiva para o presente programa e o presente Plan Vivenda.

(o) O petionario, poderá solicitar mediante escrito ao Concello de Vilalba, a colaboración do servizo municipal da oficina de rehabilitación para o seu asesoramento a





prol dun documento eficaz. Ista poderá ser rexeitada polos servizos municipais por causa debidamente xustificada, e en ningún caso ista colaboración significará asumir o encargo de redacción dos documentos técnicos necesarios, nin a Dirección de Obra definida como tal no “Baremo para la determinación de Honorarios” (R.D 2512/1997). Iestas colaboracións non irán máis alá do propio de obras de carácter menor ou asesoramentos puntuais en xeral.

(p) A resolución final dos expedientes corresponderá á Alcaldesa, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. Dita resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de catro meses a contar dende o día seguinte en que se comunique por parte do interesado o remate das obras, acompañada de toda a documentación esixíbel.

ARTIGO 10. Documentación

A documentación que debe aportar os suxeitos que desexen concorrer a este proceso será a que segue:

- (a) Declaración de que non obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.
- (b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para esa mesma finalidade, así como o seu importe.
- (c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- (d) Declaración responsable de que a súa vivenda ou ben sobre o que se solicita a subvención non está incurso en expediente algún de disciplina urbanística.
- (e) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- (f) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.
- (g) Fotocopia do documento que acredite a relación do beneficiario co edificio/vivenda. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os





requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

- (h) Certificado de empadramento na vivenda obxecto da rehabilitación, ou contrato de alugamento en vigor. No caso de que a vivenda non sexa vivenda habitual no momento da presentación da solicitude, declaración xurada de que se vai destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- (i) Copia das declaracións do IRPF da unidade familiar, correspondente ó último exercicio impositivo pechado, ou no seu caso certificación negativa da Axencia Tributaria. No suposto de comunidades de propietarios esta documentación refírese a cada unha das vivendas.
- (j) No caso en que o solicitante non sexa o propietario do ben inmovible no que pretende realizar as obras protexidas, haberá de achegar proba fehaciente da debida autorización do propietario do inmovible para a realización da obra solicitada.
- (k) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais: Documento acreditativo da constitución da comunidade; Documento acreditativo da representación coa que se actúe; Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos; Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local; Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.
- (l) Memoria técnica ou Proxecto técnico asinado por técnico competente segundo a Ley 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación, incluíndo reportaxe fotográfica pormenorizada previa á intervención proxectada. A documentación técnica describirá as obras que se vaian a executar , con desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36,43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo;
- (m) Informe de Avaliación de Edificios (IEE), documento que avala o bo estado de conservación dun edificio, o cumprimento coa normativa en relación á accesibilidade universal e a eficiencia enerxética do mesmo; con data anterior á presentación da solicitude de axuda, que acredite a necesidade da actuación.
- (n) Certificado do inicio das obras. No caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación da resolución de convocatoria, so se admitirá cando se





Concello de Vilalba

acredite a excepcionalidade da necesidade do seu inicio, por causas debidamente xustificadas.

- (o) Título habilitante Municipal para as obras solicitadas
- (p) No caso de que a solicitante sexa unha persoa física propietaria ou arrendataria dunha vivenda unifamiliar ou unha vivenda en edificio de tipoloxía residencial colectiva ou unha comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou agrupación de persoas propietarias ou sociedades cooperativas compostas por as entidades ou persoas sinaladas anteriormente, deberán presentar ademais, de ser o caso, a documentación indicada na R03/AGO/2018 PEV (apartado noveno, 2.)
- (q) No caso de que a solicitante sexa unha empresa construtora, arrendataria ou concesionaria dos edificios, ou unha empresa de servizos enerxéticos e/ou sociedades cooperativas non compostas por comunidades ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou agrupación de persoas propietarias, deberán achegar, ademais da documentación sinalada a indicada na R03/AGO/2018 PEV (apartado noveno, 3.)
- (r) No caso de que a persoa promotora sexa unha persoa propietaria única dun edificio de tipoloxía residencial colectiva, deberá achegar ademais a documentación indicada na R03/AGO/2018 PEV (apartado noveno, 4.)
- (s) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de Contratos del Sector público para o contrato menor, que o beneficiario deberá solicitar con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, o salvo que o gasto se houberse realizado con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase consonte a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- (t) Calquera outra, legalmente admisible, que se estime oportuna para o seu trámite

ARTIGO 11. A mera presentación dunha solicitude de subvención implica o coñecemento e aceptación destas Bases reguladoras.





ARTIGO 12. Execución das obras

- (a) O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello de Vilalba da data do comezo das obras.
- (b) As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no título habilitante correspondente, e en todo caso deberán estar rematada á data do 30 de xuño do 2025;
- (c) As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación técnica amparada polo título habilitante correspondente, que serviu de base para a concesión inicial das axudas
- (d) Os servizos técnicos do Concello de Vilalba, segundo o planeamento (II.4.2.2) poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas, e do título habilitante outorgado.
- (e) Durante o período de execución das obras, de ser o caso, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co indicado pola administración competente, ademais do propio determinado no título habilitante.

ARTIGO 13. Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán por escrito o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso antes da data establecida no Convenio da Comisión Bilateral celebrada o 22 de Outubro do 2019, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade á referida data:

- (a) Que as actuacións subvencionadas foron executadas na súa totalidade dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
- (b) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- (c) As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa/ou entidade beneficiaria que figure na resolución de cualificación provisional.
- (d) Coa comunicación do remate das obras, o interesado presentará a seguinte documentación: as facturas correspondentes á execución das obras; xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas; certificado de fin de obra asinado por técnico competente no suposto de que sexa preciso segundo as obras





realizadas. De non ser así comunicación por parte do interesado da finalización das obras; Título habilitante de primeira ocupación, de se-lo caso; reportaxe completo do estado definitivo das obras realizadas; declaracións doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e da súa procedencia, de ser o caso.

- (e) No caso que corresponda, Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións en que se acredite a redución da demanda ou de consumo, emitido por técnico competente, e rexistrado na administración correspondente.
- (f) No seu caso, Informe de laboratorio homologado que acredite a mellora das condicións de protección fronte ao ruído, se non se xustifica previamente mediante as opcións recollidas no documento básico de protección fronte ao ruído do CTE.
- (g) No seu caso, Acta de medición da situación unha vez finalizadas as obras, que acredite o cumprimento da redución de forma efectiva da concentración da media anual do radon no interior da vivenda, de non utilizar as solucións que recolla o documento básico de salubridade e protección fronte ao radón do CTE.
- (h) Por parte da Oficina de Rehabilitación, no caso de ser necesaria a presentación de calquera outra documentación precisa para a xustificación de aspectos referentes á realización das obras, así como calquera outro documento que se requira polo IGVS, comunicarse ó interesado para a súa presentación.
- (i) As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado, e referenciado á obra obxecto da subvención.
- (j) A Oficina de Rehabilitación, unha vez recibida a documentación sinalada neste punto, por parte dos solicitantes, elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021. Esta proposta será aprobada polo órgano municipal competente e remitida para súa aprobación ó IGVS de Lugo.
- (k) A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.





- (l) Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións segundo o descrito na documentación pola que se obtivo a cualificación provisional ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

ARTIGO 14. Perda e revogamento da subvención.

- (a) Serán causa de perda e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas no ordinal anterior. Así mesmo, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.
- (b) O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención comportará, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da subvención percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis o 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- (c) Conforme o artigo 36.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, os membros da comunidade de persoas propietarias e as persoas propietarias de edificios formalmente agrupadas que non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal responderán solidariamente da obrigación de reintegro, en proporción á súa respectiva participación na actuación.
- (d) O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de se-lo caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- (e) Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda
- (f) Cometer infraccións urbanísticas segundo a súa tipificación no artigo 158 da LSG 2/2016.
- (g) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- (h) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- (i) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- (j) Calquera outra que establezan as normativas vixentes.





ARTIGO 15. Pagamento das subvencións

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

O Concello aboará as correspondentes subvencións ás persoas promotoras que resulten beneficiarias e xustificarán perante o IGVS no prazo dun mes dende a realización do abono correspondente, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificativo teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social, da Axencia Tributaria Galega, e da Administración Tributaria Estatal, así como autorizacións ao Concello para consultar os datos de estar ao corrente coa administración Local.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ó custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Para estes efectos deberá cada propietario presentar a documentación referida neste punto, non podendo percibir a subvención os propietarios que non cumpran cos requisitos establecidos na presente convocatoria. O aboamento da subvención no suposto de comunidades de propietarios realizarse da forma descrita neste parágrafo,





Concello de Vilalba

excepto no suposto de que por parte do IGVS ou o Ministerio correspondente se esixa que o abono se realice directamente á Comunidade de Propietarios. Neste último caso será a Comunidade a que repercuta a subvención correspondente a cada membro da mesma, debendo acreditar ante o Concello dito feito, así como o cumprimento por cada perceptor de que cada un se atopa ó corrente dos pagos ante a Seguridade Social, a Axencia Tributaria Galega, a Administración Tributaria Estatal e local, e cumpre cos requisitos para a súa percepción.

CAPITULO VII - CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

ARTIGO 16. As contías máximas totais das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

| Área de Rexeneración e Renovación e Renovación Urbana | Achega Ministerio de Fomento | Achega Comunidade Autónoma |
|--|------------------------------|----------------------------|
| Área de Rehabilitación Integral e zona ampliada do Concello de Vilalba | 464.838,63 € | 45.306,81 € |
| EXECUTADO | 42.514,58 € | 17.266,85 € |
| RESTANTE PARA A PRESENTE FASE | 422.324,05 | 28.039,96 € |

A aplicación orzamentaria de imputación do gasto é a 1522.78001, Código de proxecto de 2019041, por un crédito total 450.364,01€, estando condicionado á vixencia da correspondente modificación orzamentaria que se está tramitando (expediente 546/2025).

CAPITULO VIII - ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

ARTIGO 17. Actuacións subvencionables e táboa de baremación

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

- As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
- As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.
3. As previstas no artigo 51 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, para o programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural





Concello de Vilalba

De acordo coa R03/AGO/2018 PEV :

- (a) As indicadas no punto cuarto. Actuacións subvencionables da liña A), para o fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidades das vivendas
- (b) As indicadas no punto cuarto. Actuacións subvencionables da liña B), para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.





ANEXO I - TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó rexistro público de subvencións. Así mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento dos datos das persoas solicitantes e informase que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (agpd.es) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba (Lugo).





ANEXO II - DEFINICIÓNS

1. Definición do obxecto da subvención. Considérase subvención , segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia toda disposición dineraria realizada pola Administración da Comunidade Autónoma, ou por unha entidade vencellada ou dependente dela, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os requisitos do artigo 2 da antedita Lei, enumerados dende a alínea a) ata a c)

2. Requisitos que deberán reunilos beneficiarios.

Serán aqueles que reúnan os requisitos establecidos no Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021, e en particular os indicados nos artigos 7, 34, 41 e 50

3. Superficie útil.

Enténdense a do solo delimitado pola cara interior dos seus pechamentos co exterior e con outras vivendas e locais. Asemade incluírá a metade da superficie do solo dos espazos exteriores de uso privativo da vivenda tales como terrazas, miradoiros, tendedeiros ou outros até un máximo do 10 % da superficie útil pechada. Descóntanse do seu cómputo a superficie ocupada en plana polos pechamentos interiores da vivenda, polos elementos estruturais verticais e polas canalizacións e condutos con sección horizontal superior aos 100cm², así como a superficie do solo en que o seu gálibo sexa inferior a 1,80m.

4, Edificio de tipoloxía residencial colectiva

É o edificio composto por máis dunha vivenda, cuxo uso predominante sexa o residencial e onde cada vivenda conte coa correspondente referencia catastral.

5. Vivenda unifamiliar.

É a vivenda situada nun edificio independente, cuxo uso predominante sexa o residencial e no que non existe ningunha outra vivenda, e que conte coa correspondente referencia catastral. As vivendas unifamiliares poden ser illadas ou agrupadas en fila.

6. Residencia habitual e permanente dunha unidade de convivencia

É o domicilio en que constan empadroados os seus integrantes.

7. Unidade de convivencia da persoa beneficiaria

É o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares. A composición da unidade familiar será a que se estableza na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante, IRPF).





8. Agrupación de persoas propietarias

É a agrupación, formalmente constituída, de persoas propietarias de edificios de tipoloxía residencial colectiva que reúnen os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e que non outorgasen o título constitutivo da propiedade horizontal. Estas agrupacións deberán dispoñer do seu correspondente número de identificación fiscal.

9. Orzamento protexido.

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do Real decreto 106/2018, que non poderá supera-los custos medios de mercado establecidos de conformidade coa última edición publicada da base de prezos da construción de Galicia 2017, ou normativa que a substitúa.

10. Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM)

É o indicador definido no Real decreto-lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unha unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras. Para os efectos destas axudas, tomarase en consideración o IPREM do ano que se especifique na correspondente convocatoria.

11. Ingresos familiares. É o montante de ingresos que se toma como referencia para poder ser beneficiario das axudas aquí descritas, ou no seu defecto no Plan de vivenda en vigor. Os ingresos familiares referiranse á unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. A tales efectos, as referencias á unidade familiar fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como as parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ó respecto.





Concello de Vilalba

ANEXO III -TÁBOA BAREMACIÓN

| CONCEPTO | | PORMENOR | BAREMO | vivenda / edificio | PUNTOS |
|--|----------------------|--------------------------------------|-----------|--------------------|--------|
| VIVIENDA HABITUAL propietario ou inquilino | | | 3 | | |
| VIVENDA BALEIRA PARA ALUGUEIRO | | ALUGUEIRO | 1,5 | | |
| INGRESOS | | $I \leq 3,5$ IPREM | 6,5 | | |
| | | $3,5$ IPREM $< I < 5$ IPREM | 3,5 | | |
| | | 5 IPREM $\leq I \leq 6,5$ IPREM | 1 | | |
| | | $I > 6,5$ IPREM | 0,5 | | |
| VULNERABILIDADE social | | | 3 | | |
| ACCESIBILIDADE | | Eliminación de barreiras no edificio | 2 | | |
| DISCAPACIDADE | $\geq 75\%$ | | 5 | | |
| | $< 75\% - \geq 50\%$ | | 4 | | |
| | $< 50\% - 25\%$ | | 2 | | |
| MÁXIMO | | | 32 | | |

